

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP
PLURILINGÜE
NOSA SRA DA
PIEDADE

CURSO: 2023/2024

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 18/10/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 18/10/2023

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 19/10/2023

INDICE

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.....	4
2. HORARIO XERAL DO CENTRO.....	11
2.1. HORARIO LECTIVO.....	11
2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.....	12
2.3. HORARIO DE VERÁN.....	12
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	12
3.1. TRANSPORTE ESCOLAR.....	12
3.2. COMEDOR.....	14
3.3. PLAN MADRUGA.....	16
4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.....	17
5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO	21
6.PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	27
7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DE BIBLIOTECA.....	27
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO.....	32
9. PROXECTO EDUCATIVO.....	34
10. CONCRECCIÓN CURRICULAR.....	36
11. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	36
12. PLAN ANUAL DE LECTURA.....	40
13. CONCRECCIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL.....	47
14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE.....	50
15.ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	51
15.1. RESULTADO DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL.....	51
15.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	51
15.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE.....	51
15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	52
16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL.....	56
16.1. CONSTITUCIÓN DO DO.....	56
16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.	57
16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.....	62
16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO.....	65
16.5 PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE E HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE	

PROFESORADO TITOR E PT/AL.....	67
17. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	67
18. CONCRECIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.....	71
19. PLURILINGÜISMO.....	72
20. PLAN PROXECTA+.....	73
21. CONTRATOS PROGRAMA: CP INCLÚE, CP INNOVA, PLAN RECUPERA.....	74
22. OUTROS PLANS E PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.....	74
23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	75
24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	76
25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.....	76

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

1.1 OBXECTIVOS XERAIS

Ao rematar o alumnado a escolaridade no C.E.I.P. Plurilingüe Nosa Señora da Piedade deberanse acadar os seguintes fins presentes na LOMCE e LOMLOE propostos nos documentos e programas que se desenvolven no Centro:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.
- d) A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- e) A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sustentable.
- f) O desenvolvemento da capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- g) A formación no respecto e recoñecemento de Galicia e da súa lingua, así como da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- h) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

i) A capacitación para o estudo de cara o exercicio de futuras actividades profesionais.

k) A capacitación para a comunicación na lingua galega, española, e inglés ou francés.

l) A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

1.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/24.

Obxectivo: REVISAR E ACTUALIZAR A DOCUMENTACIÓN DO CENTRO.			
Acción 1	Análise, actualización e consolidación da documentación do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Propostas de Equipo Directivo en Claustro e Consello Escolar a partir dos documentos actuais e do regulamento normativo.		
Responsables	Equipo Directivo.		
Recursos e materiais	Planificación na CCP para desenvolver a medio prazo a partir das estruturas organizativas existentes.		
Acción 2	Modificar e adaptar tódolos documentos de centro a nova lexislación.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	<input type="checkbox"/>		
Responsables	Equipo Directivo		
Recursos e materiais	Instrucións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.		

Obxectivo: SOLVENTAR AS SITUACIÓNS QUE POIDAN XURDIR EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL.			
ACCIÓN 1	Formación específica.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Unha maioría moi ampla do claustro recibiu formación.		
Responsables	Equipo de formación e claustro.		
Recursos e materiais	Abalar, aula virtual, Eva...		
Acción 2	Uso de recursos existentes: EVA, PAXINA WEB, ABALAR, AULA VIRTUAL...		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	O alumnado ausente pode continuar coa súa aprendizaxe		
Responsables	Equipo directivo.		
Recursos e materiais	Eva, aula virtual, abalar, fotocopias...		

Obxectivo : MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS DO CENTRO.			
Acción 1	Pintar aulas e pasillos.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Pintar as aulas e os pasillos do colexio.		
Responsables	Concello.		
Recursos e materiais	Pintura e persoal cualificado.		
Acción 1	Compra de ordenadores.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Comprar ordenadores.		
Responsables	Centro.		
Recursos e materiais	Ordenadores.		

	Obxectivo: POTENCIAR AS NOVAS TECNOLOXÍAS NA AULA.		
Acción 1	Potenciar o uso das novas tecnoloxías na aula		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Emprego de ordenadores, tablets e todo o material informático por parte do alumnado.		
Responsables	Titores/as e Coordinador do Proxecto		
Recursos e materiais	Aplicacións informáticas, tablets....		
Acción 2	Traballar cos robots en diferentes áreas curriculares		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Fomentar pequenas probas a través do robot coas que acaden os contidos das áreas de forma lúdica e motivacional.		
Responsables	Profesores/as que imparten a área e Coordinador do Proxecto.		
Recursos e materiais	Diferentes robots (sensores), aplicacións informáticas, tablets....		

Obxectivo: POTENCIAR O USO DA LINGUA GALEGA TANTO NO ÁMBITO DOCENTE COMO NAS INTERRELACIÓNS ENTRE OS MEMBROS DA COMUNIDADE.			
Acción 1	Deseño e aplicación do Plan de Dinamización da Lingua Galega do centro.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	As dúas lingua conviven ao 100%		
Responsables	Equipo directivo, EDLG e claustro.		
Recursos e materiais	Os previstos no Plan Anual da Lingua Galega.		
Acción 2	Promoción da cultura e a lingua galega.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Promoción do uso da lingua galega e potenciación da cultura a través do desenvolvemento no centro de festividades e conmemoracións propias: Samaín, Magosto, Entroido, Letras Galegas, concurso literarios...		
Responsables	Equipo directivo, EDLG e claustro.		
Recursos e materiais	Os previstos no Plan da Lingua Galega.		

Obxectivo : DINAMIZAR AS BIBLIOTECAS DE AULA.			
Acción 1	Mantemento das bibliotecas de aula		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear bibliotecas de aula con volumes de temáticas distintas para que os nenos/as as coñezan.		
Responsables	Titores/as dos distintos niveis educativos, coordinadora de biblioteca escolar e equipo de biblioteca.		
Recursos e materiais	Libros de distintas temáticas, xornais, publicidade, biblioteca municipal...		
Acción 2	Potenciar ao alumnado o gusto pola lectura.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear actividades motivadoras desde a biblioteca escolar e implicar ás familias. Exemplo: mochilas viaxeiras.		
Responsables	Titores/as dos distintos niveis educativos, coordinadora de biblioteca escolar e equipo de biblioteca e as familias.		
Recursos e materiais	Libros de distintas temáticas, xornais, publicidade, Biblioteca Municipal...		

Obxectivo : POTENCIAR AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.			
Acción 1	Potenciar a coordinación entre os equipos: Tic, Biblioteca EDLG e Extraescolares para o deseño e posta en práctica de actividade globais.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Programar actividades globais de temáticas diversas.		
Responsables	Equipo directivo e equipos implicados.		
Recursos e materiais	Programación de cada un dos equipos implicados.		
Acción 2	Potenciar a asistencia e o desfrute por parte do alumnado		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Incentivar nos nenos/as e as familias a participación nas actividades extraescolares.		
Responsables	Claustro e alumnado.		
Recursos e materiais	Recursos humanos (alumnado / profesorado)		

Obxectivo : FOMENTAR A EDUCACIÓN AMBIENTAL.			
Acción 1	Traballar coa reciclaxe.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Todo o alumnado é responsable de ter o patio limpo, procurando que cada envase vaia a papeleira que lle corresponda.		
Responsables	Claustro e alumnado.		
Recursos e materiais	Papeleiras (diferentes envases) e recursos humanos (alumnado / profesorado)		
Acción 2	Coidar do medio ambiente		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Incentivar nos nenos/as o coidado do medio ambiente, a través do aforro de auga, limpeza das aulas, apagado de luces cando non se empreguen...		
Responsables	Claustro e alumnado.		
Recursos e materiais	Recursos humanos (alumnado / profesorado)		

Obxectivo: INCENTIVAR UNHA BOA ALIMENTACIÓN.			
Acción 1	Fomentar unha boa alimentación (almorzos e merendas saudables)		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Crear un calendario semanal para os máis pequenos (EI) con diferentes merendas e para os maiores merenda libre dentro das saudables (consensuadas entre o Centro e as familias)		
Responsables	Claustro, familias e alumnado.		
Recursos e materiais	Froita, lácteos, bocadillos de friame, froitos secos (prohibido lambetadas).		
Acción 2	Fomentar o consumo de froita entre o alumnado.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Responsables	Claustro e encargada de comedor.		
Recursos e materiais	Froita proporcionada polo centro.		

Obxectivo : POTENCIAR AS RELACIÓNS INTERNAS: PROFESORADO, FAMILIAS E ALUMNADO.			
Acción 1	Dar a coñecer o traballo que se realiza co alumnado.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Potenciación da comunicación/información coas nais/pais manténdolos informados das actividades do centro e dos proxectos realizados a través da páxina web.		
Responsables	Equipo directivo, coordinadores dos distintos equipos e claustro		
Recursos e materiais	Páxina web do centro.		

Acción 2	Potenciar a convivencia dentro centro educativo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Colaboración coas familias mediante a axenda do alumno/a para unha comunicación fluída entre a familia e o centro e viceversa.		
Responsables	Equipo directivo, coordinadores dos distintos equipos e claustro		
Acción 3	Realización de reunións interciclos.		
	Temporalización		
	1º T	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Levaranse a cabo reunións de interniveis para unha mellor coordinación pedagóxica		
Responsables	Equipo directivo, orientación e claustro		
Acción 3	Respectar os horarios lectivos		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Informar as familias e o alumnado de cales son os horarios do centro educativo e de que deben de respectarse durante o curso escolar, para unha mellor convivencia do Centro, así como xustificar os posibles retrasos e faltas.		
Responsables	Titores/as, DO e ED		
Recursos e material	Xustificante de retraso e faltas, Protocolo de Absentismo.		

Obxectivo : POTENCIAR AS RELACIÓNS EXTERNAS.

Acción 1	Coordinación coa Escola Infantil "A Galiña Azul" co fin de establecer xornadas de portas abertas para futuros alumnos así como para as familias.		
	Temporalización		
	1º T	2º T	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realizar unha actividade onde os cativos da escola infantil poidan visitar o centro xunto coas súas familias a fin de coñecer as instalacións e a súa organización.		
Responsables	Equipo Directivo, Orientación e profesorado de EI		
Acción 2	Mantemento de relacións cos centros da contorna.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Visita ao IES Marco do Camballón a fin de que o alumnado de 6º nivel de educación primaria coñeza o seu futuro centro educativo.		
Responsables	Equipo Directivo, Orientación e profesorado titor implicado.		

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

2.1. HORARIO LECTIVO.

O horario do C.E.I.P. *Plurilingüe Nosa Señora da Piedade* fixouse en función da combinación de transportes para os diferentes centros educativos do Concello (primaria e secundaria), e dun centro escolar do Concello de Lalín (C.E.I.P. *Varela Buxán* de Cercio).

O horario, queda distribuído do seguinte xeito:

✓ SETEMBRO E XUÑO.

1ª sesión	08:50 – 09:45
2ª sesión	09:45 – 10:40
3ª sesión	10:40 – 11:35
Recreo	11:35 – 12:05
4ª sesión	12:05 – 12:55
5ª sesión	12:55 – 13:45
COMEDOR.	13:45 – 14:40

✓ DE OUTUBRO A MAIO

1ª sesión	08:50 – 09:40
2ª sesión	09:40– 10:30
HORA DE LER	10:30-11:00
Recreo	11:00 – 11:30

3ª sesión	11:30 – 12:20
4ª sesión	12:20 – 13:10
COMEDOR.	13:10– 14:35
5ª sesión	14:35 – 15:25

2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO.

No período lectivo o horario de atención o público será de 09:00h a 13:00h. En todas as sesións lectivas procurarase que estea un membro do equipo directivo no despacho para poder atender os problemas e inquiredanzas dos membros da comunidade educativa que así o soliciten. Para reunións específicas con algún membro do Equipo Directivo deberá axustarse ao horario dos mesmos.

2.3. HORARIO DE VERÁN.

Durante o mes de xullo o horario de atención o público será de 10:00 a 13:00 horas.

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

3.1. TRANSPORTE ESCOLAR.

Temos 8 rutas de transporte integrado que efectúan a UTE LÁZARA -RÍAS BAIXAS.

Ruta nº 1: CABBALLÓN- BESEXOS						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El: 2	5º El:	6º El:	1º EP:	2º EP: 1	3º EP: 1
	4º EP:	5º EP: 2	6º EP:			
Horarios	8:15-8:40 /15:25-16:00					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 2: NAVAZA- CAMIÑO NOVO						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El: 1	5º El:	6º El: 1	1º EP: 4	2º EP:	3º EP: 3
	4º EP: 1	5º EP:	6º EP:			
Horarios	8:00-8:40/15:25-16:00					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 3: CASTRO (GRANXA)- DUXAME II						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El: 2	5º El:	6º El: 1	1º EP:1	2º EP: 1	3º EP: 1
	4º EP:	5º EP:	6º EP:4			
Horarios	8.00-8:40/15:25-15:45					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 4: O VILAR- CARRAS						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El: 1	5º El: 1	6º El: 4	1º EP:	2º EP: 5	3º EP: 2
	4º EP: 4	5º EP: 3	6º EP: 5			
Horarios	8:00-8:40/15:25-15:45					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 5: FONTEARCADA-CRUCERO						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El: 2	5º El: 1	6º El: 3	1º EP: 2	2º EP: 4	3º EP: 2
	4º EP: 3	5º EP: 2	6º EP:			
Horarios	8:5-8:40/15:25-15:40					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 6: O PENEDO-OLLARES						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El: 3	5º El:	6º El: 1	1º EP: 1	2º EP: 2	3º EP:
	4º EP: 2	5º EP:	6º EP:			
Horarios	8:00-8:40/15:25-15:50					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 7: CASTRELO- POBOADO MINEIRO DE FONTAO						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º El:	5º El: 2	6º El: 1	1º EP: 3	2º EP: 2	3º EP: 3
	4º EP: 2	5º EP: 2	6º EP: 1			
Horarios	07:55-8:40/15:25-16:00					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

Ruta nº 8: CIMA DA ALDEA-SESTO						
Entidade que presta o servizo	UTE RIAS BAIXAS-LÁZARA					
Nº alumnos usuarios	4º EI:	5º EI: 1	6º EI: 2	1º EP: 1	2º EP: 1	3º EP:
	4º EP:	5º EP: 1	6º EP: 5			
Horarios	8:00-8:40/15:25-16:00					
Transporte integrado	Si <input checked="" type="checkbox"/>			Non		

3. 2. COMEDOR.

Instalación: COMEDOR ESCOLAR						
Entidade que presta o servizo	CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN					
Nº alumnos usuarios	4º EI:16	5º EI: 14	6º EI: 20	1º EP:17	2º EP: 32	3º EP:21
	4º EP:20	5º EP: 19	6º EP:25			
Horario de uso	13:10-14:35h					
Nome da persoa responsable	MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES					

A organización e funcionamento do comedor regúlase polo Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG 13/08/2013) de funcionamento de comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria; pola Orde do 21 de Febreiro de 2007 (DOG 05/03/2007) que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola Orde do 13 de xuño que a modifica e polo Decreto 374/2009 polo que se aproban os prezos públicos pola utilización de comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O servizo de comedor escolar está xestionado pol a Consellería, co modelo de xestión directa.

Empeza a funcionar o servizo de comedor dende o primeiro día de clase. A encargada deste servizo será a mestra María Begoña González Picanes, e os nenos serán atendidos antes, durante e despois da comida por un grupo de catorce profesores/as organizados/as en quendas de oito mestres/as por día.

Procurarase facer unhas dietas o máis equilibradas posibles, reducindo graxas e aumentando o consumo de vexetais, legumes e peixe. De todas elas terán coñecemento os pais a través da páxina web do centro.

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que abarca, tanto os servizos de xantar como o de atención ós usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior, nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais. O noso comedor é de categoría C: abrangue de 151 a 250 comensais; nós concretamente temos autorizados 208 comensais para o curso 2023/2024.

O número de usuarios de alumnado neste momento é 199 de . O número total de comensais distribúese do xeito seguinte:

- 184 comensais entre Educación Infantil e Educación Primaria.
- 3 cociñeiros/as
- 2 ATES para atención a alumnos/as con necesidade específica de apoio educativo.
- 8 profesores colaboradores de atención ao alumnado.
- Directora e encargada de comedor.

OBXECTIVOS:

Os obxectivos que se acadan co funcionamento do comedor son os seguintes:

- Facilitar a escolarización do alumnado transportado.
- Favorecer a conciliación da vida familiar.
- Proporcionar ós/ás alumnos/as unha dieta equilibrada que contribúa ó seu mellor desenvolvemento.
- Fomentar nos escolares a adquisición de hábitos dietéticos e

hixiánicos alimentarios axeitados.

- Facilitar a convivencia entre os/as alumnos/as e dos/as mesmos/as cos restantes membros da comunidade educativa.

ORGANIZACIÓN:

Corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consello Escolar, a organización e a administración do servizo do comedor e Encargada de comedor.

Durante este curso, o servizo de comedor escolar funcionará nunha única quenda en un único comedor.

3.3. PLAN MADRUGA.

O centro NON conta con servizo de plan madruga.

Actualmente hai **PLAN CONCILIA** a saída da actividade lectiva.

Instalación: AULA, XIMNASIO DE INFANTIL E PATIO ESCOLAR						
Entidade que presta o servizo	DISCÓBOLO GALICIA S.L.					
Nº alumnos usuarios	4º El: 2	5º El: 1	6º El: 3	1º EP: 5	2º EP: 2	3º EP: 1
	4º EP:	5º EP: 1	6º EP: 2			
Horario de uso	SETEMBRO E XUÑO: DE 14:40h a 16:40h DE OUTUBRO A MAIO: DE 15:25h a 17:25h					
Nome da persoa responsable	RAMÓN GARCÍA SUEIRO/ CLARA SANTISO RIELO					

4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

Nome	Función	Horario
M ^a Adelaida Blanco Iglesias (baixa)	Conserxe	Depende do Concello
Alberto Fernández Taboada (substituto)	Conserxe	Depende do Concello
M. ^a Pilar Regueiro Seoane (martes, mércores e venres)	ATE	08:00 – 16:00
Amalia Sánchez Cacharrón	ATE	08:00 – 16:00
Juan Manuel Padín Blanco	Oficial de cociña	08:30-16:00
Ana M ^a Martínez Tato	Auxilar de cociña	08:30-16:00
M ^a Jesús Mosquera Pereiro	Auxiliar de cociña	08:30-16:00
Remedios Taboada Sánchez	Limpeza	15:30-20:00
Najia Fath Allah	Limpeza	16:00-20:00

🕒 Conserxe:

A dependencia e relación laboral do conserxe é exclusivamente co Concello. As súas funcións son:

- Coidao e vixiancia do centro.
- Abrir e pechar o colexio.
- Vixiar as entradas e saídas do alunmado.
- Revisar as instalación do centro ó rematar a xornada.
- Atender as chamadas telefónicas.
- Pasar recado ó profesorado.
- Atender as demandas do profesorado referente ós servizos de máquinas: fotocopiadoras, planificadora, encadernadora.
- Atención e coidado das instalación e mantemento de mobiliario.
- Controlar as posibles deficiencias e comunicalas á dirección do colexio.

- Franqueo, entrega, recollida, transporte e distribución de coespondencia e documentación que lle sexa encomendada.
- Acendido e apago das luces do centro.
- Acendido e apago de aparellos eléctricos.
- Pequenas reparacións.
- Realizar dentro das dependencias do colexio traslados de material e utensilios que sexan necesarios.
- Verificación de niveles de gasoil.
- Calquera outra que poida encomendarlle o/a director/a dentro das súas competencias.
- Debido a que a cancela do centro permanece pechada durante o horario lectivo, o/a conserxe será o encargado/a de contestar ó timbre cando soe, abrir a cancela e a atender á persoa que chegue ó centro e indicarlles a onde teñen que dirixirse. Non poderá ausentarse da entrada do centro nas sesións nas que non haxa ningún membro do equipo directivo en horario de atención a cargo.

 **Coidadora:**

O Centro dispón de dúas ATES para atender ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Unha deles é itinerante co Ceip Xoaquín Loriga.

Entre as súas funcións están:

- Atención en limpeza, aseo e coidado persoal.
- Guiar e/ou axudar ao alumnado na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos, e a adquisición de técnicas de

orientación, mobilidades e autocontrol en desprazamentos e habilidades da vida diaria.

- Guiar e/ou axudar ao alumno/a a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do Centro.
- Colaborar co profesorado na viviancia dos recreos.
- Axudar ao alumnado na súa integración social no contexto educativo: entradas, saídas, recreos...

Cociña:

O Centro conta con 3 cociñeiro/as: un oficial de cociña e dúas auxiliares.

É competencia do cociñeiro:

- A preparación, elaboración e condimentación dos alimentos en relación ó menú que se elabore.
- Coordinar, organizar e vixiar as labores encomendadas ó persoal adscrito á cociña.
- Adoitar ás medidas de hixiene necesarias, tanto na transformación culinaria como na distribución.
- Organizar e supervisar os servizos da despensa, coidando das perfectas condicións da mesma e dos víveres almacenados.
- Controlar ó acceso ás dependencias e instalacións da cociña de toda persoa allea á mesma, salvo que presente a autorización correspondente.
- Vixiar e coordinar o mantemento en perfectas condicións de limpeza e bo funcionamento das maquinarias, dependencias, instalacións e utensilios do local e dos elementos de cociña.
- Coidar o encendido da cociña.

- Supervisar os víveres que se suministran na cociña.

Son competencias das Axudantes de cociña:

- Coordinarse co cociñeiro, axudándoo nas súas funcións.
- Atender á limpeza, mantemento e funcionamento da maquinaria, utensilios e dependencias da cociña.
- Colaborar no tratamento dos alimentos en xeral.
- Retirar e trasladar os residuos resultantes do tratamento dos alimentos o depósito cos medios axeitados.

Ⓜ Empresa de limpeza:

Faise cargo da limpeza a empresa Limpezas Salgado. Tarefas a realizar:

- Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa nos espazos que a precisen en función da intensidade do uso.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas, elementos das cisternas e outros dos aseos.
- Limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos (sala de mestres...) e ao finalizar a xornada, deixando que actúe o produto de limpeza con especial atención ao mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación.
- Limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos co fin de evitar calquera contacto accidental.

LIMPEZA TARDE

- Limpeza / desinfección de todas as aulas e zonas de uso común.
- Limpeza desinfección de despachos.
- Limpeza e desinfección de sala de Mestres
- Limpeza e desinfección dos baños.
- Limpeza de pasamáns, pomos...

5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO.

O equipo de Dinamización de Actividades Complementarias e Extraescolares no presente curso escolar constituíuse o día 6 de setembro de 2023 e está formado polos seguintes membros:

Compoñentes	Coordinador
Nélida Montoto Espiño (titora 4º E.I.)	Abel García Batán (titor 6º E.P.)
M ^a Jesús Suárez Montoto (titora 2º E.P.)	
Elisa Castro García (titora 6º E.I.)	
Inés Rodríguez Iglesias (titora 6º E.P.)	

Obxectivo xeral:

Desenvolver de forma efectiva as conmemoracións recollidas na orde do *ORDEN de 3 de mayo de 2023 por la que se aprueba el calendario escolar para el curso 2023/24 en los centros docentes sostenidos con fondos públicos en la Comunidad Autónoma de Galicia.*, así como outras festividades de interese para o centro educativo.

Obxectivos específicos:

Traballar de forma conxunta entre os equipos de coordinación docente

Planificar con tempo suficiente as actividades para o bo desenvolvemento das mesmas.

As actividades propostas son coordinadas entre os diferentes equipos do centro e facilitan a labor docente Responsables Coordinadores/as dos equipos de coordinación docente

Distribuír tarefas entre os membros do equipo para facilitar a súa labor. Os membros do equipo desenvolven as tarefas encomendadas ó longo do curso Responsables Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Integrar os obxectivos das actividades no proxecto curricular.

Conseguir unha educación integral para todos os nosos alumnos/as e mellorar as súas capacidades cognitivas, motrices, de equilibrio persoal e relación social, así como de utilización san do tempo libre.

Programar as actividades tratando de que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas.

Ofrecer a alumnos/as, mestres/as e a toda a comunidade educativa actividades creativas e formativas.

Facilitar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa nun ambiente máis distendido que nos períodos lectivos.

Utilizar ao máximo as instalacións e dotacións do centro, rentabilizándoas e potenciando o seu uso.

Fomentar a participación no centro dos tres sectores principais da comunidade educativa: alumnos/as pais/nais e mestres/as, implicando aos pais/nais nalgunha actividade para mellorar a relación familia-escola.

Crear e mellorar actitudes de solidariedade, respecto e valores positivos, non só evitando a discriminación senón potenciando os valores que nos fan máis humanos.

Conseguir unha maior inquietude para valorar a riqueza artística e medioambiental do seu entorno.

Cooperar nas tarefas de xestión de organización de saídas.

Canalizar as suxestións e peticións dos mestres, así como xestionar o seu desenvolvemento.

Recuperar e conmemorar festas e tradicións.

Crear un ambiente de integración e inserción do alumnado no Centro, organizando unha serie de actividades para tal fin, dentro das limitacións de tempo, espazos e medios cos que contamos.

Responsables.

O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares coa colaboración , nalgunhas delas de EDLG e da Biblioteca. Tamén a ANPA e o concello de Vila de Cruces colabora nalgunhas e promove outras.

Actividades

Sen prexuízo doutras actividades ou saídas que poidan xurdir ou nos ofrezan ao longo do curso por parte de distintas entidades e que se consideren de interese pedagóxico e

formativo para o noso alumnado, as actividades previstas para o presente curso escolar a día de hoxe son as que a continuación se enumeran.

Actividade: saídas ao entorno cercano	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Asistiremos a actividades organizadas polo concello dentro do mesmo	Ó longo do curso	Tódolos niveis	Todo o profesorado do centro.
Biblioteca Municipal	Ó longo do curso	Educación Infantil	Mestres de infantil e especialistas.

Actividade: saídas fóra da localidade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Excursión a Marcelle	15/05/2024	4º, 5º e 6º de E.I. e 1º e 2º de E.P.	Mestres/as titores/as e mestres/as especialistas
Visita ao Museo de Pontevedra Visita ao Museo Arqueolóxico de Campolameiro	15 /03/2024	3º e 4º de E. Primaria	Mestres/as titores/as e mestres/as especialistas
Acuario de O Grove - Ruta en catamarán dendo o porto de O Grove: visita ás bateas Tren turístico pola Illa de A Toxa Merenda na praia da Lanzada.	24/05/2024	3º e 4º de E. Primaria	Mestres/as titores/as e mestres/as especialistas
Saída de todo o alumnado do centro	21/12/2023	Tódolos niveis	Mestres/as titores/as e mestres/as especialistas
Posible saída á neve.	2º trimestre	5º e 6º de e. Primaria.	Mestres/as titores/as e mestres/as especialistas
Posible saída de fin de curso.	3º trimestre	5º e 6º de e. Primaria.	Mestres/as titores/as e mestres/as especialistas
Deporte escolar. Cros escolar	27 outubro	3º a 6º E.P.	Mestres titores e especialistas.

Deporte escolar. Fútbol sala	Última semana de xaneiro	3º a 6º E.P.	Mestres titores e especialistas.
Deporte escolar. (balonmán)	Finais abril	3º a 6º E.P.	Mestres titores e especialistas.
Deporte escolar. (baloncesto)	Finais abril	3º a 6º E.P.	Mestres titores e especialistas.
Deporte escolar. Multideporte	3º trimestre	2º E. P.	Mestres titores e especialistas.
Convivencia de todo o alumnado do centro	3º trimestre	Tódolos niveis do centro.	Mestres titores e especialistas.

Este curso desenvolverase no centro o proxecto **“De Vila de Cruces para o mundo”**, polo que, na medida do posible, nas actividades a realizar faremos unha viaxe imaxinaria polos diferentes países.

Outras actividades en coordinación con EDLG e Biblioteca	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Patios dinámicos	Dende outubro ata finais de xuño	Todo o centro	Equipo de extraescolares e mestre de educación física
Mochilas viaxeiras	Dende outubro ata finais de xuño	Todo o centro	Equipo de biblioteca
Guia de viaxes	Dende outubro ata finais de xuño	Todo o centro	Equipo de biblioteca
Día das bibliotecas: Elaboración de marcapáxinas para a aula.	24 de outubro	Todo o centro	Equipo de biblioteca
Celebración do Samaín: Elaboración dun menú adaptado Decoración da entrada do centro e o pasillo de entrada ao comedor Disfraz libre Lectura de contos de medo en “streaming”. Festa de Samaín: desfile e baile	31 de outubro	Todo o centro	Equipo de extraescolares, biblioteca, dinamización e mestra de inglés
O outono: - Exposición de produtos do outono decorados e	1 – 15 novembro	Todo centro	Equipo de extraescolares

relacionados coas diferentes culturas do mundo.			
Celebración do Magosto: - Degustación de castañas Xogos por estacións	10 de novembro	Todo o centro	Equipo de extraescolares e mestres de psicomotricidade e educación física
Día da violencia de xénero - Manifesto contra a violencia de xénero. - Réplica de graffitis murais en diversos lugares do mundo sobre a temática da muller.	25 de novembro	Todo o centro	Equipo de dinamización
Día da Discapacidade: - Visualización de cortos e vídeos nas titorías - Charla sobre o tema a cargo de profesorado do CEE A Barcia. - Visita ao CEE A Barcia.	1 de decembro 13 de decembro	Todo o centro 2ºB de E.P.	Equipo de extraescolares, biblioteca e dinamización Mestra titora e mestres/as especialistas.
Celebración do Nadal: - Decoración do árbol de nadal	21 de decembro	Todo o centro	Equipo de extraescolares
Día da Paz: - Mural - Canción e manifesto pola paz - Carreira pola paz	30 de xaneiro	Todo o centro	Equipo de extraescolares, biblioteca e dinamización.
Entroido: O meco e os seus mandatos	17 de febreiro	Todo o centro	Equipo de extraescolares, biblioteca e dinamización
Día de Rosalía de Castro: Acto diante do mural exterior Lema ou frase de Rosalía (cada clase a un comercio da vila)	23 de febreiro	Todo o centro	Equipo de dinamización e biblioteca
Día da muller: Mural con	8 de marzo	Todo o centro.	Equipo de Biblioteca

mulleres do mundo (con código QR)				
Semana da prensa: Elaboración dun telediario con noticias de cada zona do mundo traballada	Do 4 ao 8 de marzo	Todo centro	o	Equipo de extraescolares, dinamización e biblioteca
Día da poesía: Elaboración de un POEFLIX.	21 de marzo	Todo centro	o	Equipo de dinamización e biblioteca
Semana da música	Do 20 ao 24 de marzo	Todo centro	o	Equipo de extraescolares e mestra de música
Día do TEA	2 de abril	Todo centro	o	Equipo de extraescolares
Día do libro: <ul style="list-style-type: none"> • Lendas dos distintos países. • Telediario sobre as lendas. • Decoración de aulas con imaxes dos distintos continentes. 	26 de abril	Todo centro	o	Equipo de biblioteca e equipo TIC
Semana das letras galegas Investigación sobre Luisa Villalta Lectura dun manifesto en prol da defensa do galego acompañado dunha canción	17 de maio	Todo centro	o	Equipo de dinamización
Revista Escolar "Carpacedo"	Finais de xuño	Todo centro	o	Equipo de dinamización
Concurso literario para potenciar o galego con dous gañadores/as por nivel.	3º trimestre	Todo centro.		E. D. L. G. Equipo de biblioteca

Concurso de fotografía:	3º trimestre	Todo o centro	Equipo TICs
Outras actividades	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Charla sobre “Acoso Escolar” e “Novas Tecnoloxías”. (Plan Director)	Primeiro trimestre	5º e 6º nivel E. Primaria	Titores/especialistas acompañantes.
Froita nos recreos	Dúas semanas 2º trimestre e dúas no 3º.	Todo o centro	Equipo Directivo
Festival fin de curso. Acto de graduación.	Finais de xuño	Todo o centro	Mestres/as titores/as Equipo directivo

As conmemoracións que non figuran nos cadros anteriores traballaranse a nivel de aula, tal e como establece a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia .

De haber algún cambio nas actividades programadas, darase conta del na Memoria Final de Curso

6. PLAN AUTOPROTECCIÓN / PLAN EVACUACIÓN.

O centro conta con Plan de evacuación.

En caso de emerxencia, a evacuación realizarase seguindo sempre as instrucións fixadas no citado plan.

SIMULACROS A REALIZAR

Realizaranse tres simulacros, un por trimestre, organizados do seguinte xeito:

- Alumnado e profesorado coñecen a data e hora do mesmo.
- Alumnado e profesorado coñecen a semana que se levará a cabo.
- No terceiro só saberá a data de realización do mesmo o equipo directivo.

Intentaremos levalo a cabo coa colaboración de Protección Civil, Policía local,

Garda Civil...e todos os medios que se poidan sumar a tal fin.

7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DE BIBLIOTECA.

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Horas redución	Nivel/ Especialidade
M ^a Laura Osorio Ramos	3 sesións	Mestra de pedagogía terapéutica
Nome equipo apoio/dinamización		Nivel/ Especialidade
María Taboada Veiga		Audición e Linguaxe
María Begoña González Picanes		Xefa de estudos e mestra de Relixión
Susana Varela Fernández		Titora Educación Infantil
Inés Rodríguez Gómez		Titora de Educación Primaria
Verónica Iglesias Porral		Titora Educación Primaria
Fátima Novoa Datorre		Titora Educación Primaria
María Luisa Otero García		Secretaria e titora Educación Primaria
Silvia Vázquez Diéguez		Mestra de apoio de educación infantil
Pablo Rivas Diaz		Orientador
Silvia Rodríguez Gomez		Directora e mestra de de Educación Primaria

- Horario:

Horarios funcionamento biblioteca	
Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo	A biblioteca permanecerá aberta ao longo de toda a xornada escolar e cada aula terá asignada, como mínimo, unha sesión semanal para o uso da mesma. No tempo de lecer permanecerá aberta.
Horario de apertura en horario non lectivo.	A biblioteca non permanecerá aberta en horario non lectivo.
Horario para a coordinación de biblioteca.	A coordinadora de biblioteca conta cunha sesión semanal e o equipo de biblioteca reunirse mensualmente o primeiro mércores de cada mes.

- Orzamento asignado á biblioteca.

O orzamento asignado para este curso escolar 2023-2024 será dun 5% do orzamento xeral do centro.

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Fomentar no alumnado o interese e o gusto pola lectura, potenciando a formación de lectores e lectoras competentes.			
Acción 1	HORA DE LER		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Adicar media hora á lectura na aula todos os días onde os nenos e nenas poidan acceder a diferentes temáticas de lectura.		
Responsables	Equipo de biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Biblioteca escolar.		
Acción 2	MOCHILAS VIAXEIRAS E LIBRO VIAXEIRO		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Compartir coas familias a lectura de contos dunha mochila viaxeira onde haberá un exemplar en castelán, un en galego, un en inglés e un de elaboración dunha guía de viaxes. Con este último, crearemos o libro viaxeiro este curso.		
Responsables	Equipo de biblioteca		
Recursos e materiais	Contos incluídos en cada mochila viaxeira e libro viaxeiro.		
Acción 3	"LERFLIX"		
	Temporalización		
	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Expoñer nun formato atractivo diferentes portadas de libros para mostrarlle ao alumnado os novos lanzamentos, tendencias, suxerencias... da nosa biblioteca		
Responsables	Equipo de biblioteca		
Recursos e materiais	Panel de exposición, portadas de libros.		

Obxectivo 2: Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo			
Acción 1	DÍA DO CÓMIC		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Mostrar ao alumnado outra alternativa de lectura a través dun taller para que cada neno/a poida crear un cómic en Canva e que será os mércores durante o segundo trimestre.		
Responsables	Equipo de Biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Cómic		
Acción 2	SEMANA DA PRENSA		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Elaboración dun telexornal entre todos os cursos para posteriormente expoñelo no salón de actos.		
Responsables	Equipo de Biblioteca, titores/as.		
Recursos e materiais	Xornais.		

Acción 3	DÍA DA POESÍA		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Coñecer a importancia deste xénero literario mediante a busca de poetas importantes do mundo). Realizando lecturas e ilustracións das poesías escollidas e expoñendo nun mural exterior.		
Responsables	Equipo de Biblioteca, titores/as.		
Recursos e materiais	Libros de poetas do mundo.		

Obxectivo 3: Crear unha biblioteca cada vez mais inclusiva que dé a coñecer e dé resposta ás necesidades do alumnado do centro.			
Acción 1	DÍA DA DISCAPACIDADE		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Tomar conciencia de como vive unha persoa con discapacidade e de cales son as dificultades que pode atopar no seu día a través da charla dun profesor do CEE da Barcia, así como o funcionamento do centro que é compartido por un alumno que asiste tamén ao noso centro.		
Responsables	Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de biblioteca e titores/as		
Recursos e materiais	Biblioteca escolar, cortos e persoa encargada de dar a charla.		
Acción 2	DÍA DA PAZ		
	Temporalización		

O xefe deste Departamento de Orientación ten un centro adscrito ao centro base, así que:

Asiste ao centro base os luns, martes e mércores e os xoves e venres acode ao centro compartido, CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas.

16.2 ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Segundo a actual Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situacións de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou historia escolar.

Á hora de falar de necesidades do alumnado podemos facer referencia a necesidades metodolóxicas, pedagóxicas, sociais ou doutro tipo e que se dan nun momento puntual da escolaridade, que non requiren máis que pequenos cambios a nivel organizativo, metodolóxico, etc. Pero haberá tamén un tipo de alumnado que presente necesidades educativas especiais, que requirirán, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

Para que este alumnado poida acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

De cara a identificar e valorar necesidades do alumnado é fundamental realizar actuacións que posibiliten a obtención de información que poida ser relevante para a organización do traballo cun alumno/a. Para iso hai que ter en conta aspectos como:

Identificación temperá

A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

As familias ou titores legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado, dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.

Á hora de valorar necesidades hai que facer mención a:

- Alumnado de *nova incorporación*

Estableceranse distintas pautas de actuación en función das características do alumnado (as súas circunstancias, coñecementos, idade, historial académico, relixión, cultura...). Dentro deste apartado haberá que distinguir entre os seguintes tipos de alumnos/as:

Alumnos/as novos/as en calquera etapa e curso

Desde o Departamento de Orientación do centro contribuirase á acollida destes alumnos/as, colaborando no proceso de adaptación pero tamén facendo un seguimento trimestral para determinar se hai necesidades que hai que atender por problemas académicos, sociais, relacionais,... O/a titor/a e o profesorado implicado contribuirán á integración do/a alumno/a a través da acción titorial, facendo un seguimento do seu progreso, observando a súa integración e facilitando canles cos/as compañeiros/as de cara a facilitar a axeitada aceptación do/a alumno/a novo/a.

Alumnos/as de 4º de Educación Infantil

Durante o mes de setembro os/as alumnos/as que inician a súa escolaridade terán un período de adaptación progresivo, para irse adaptando ao novo entorno, aos/as compañeiros/as, ao profesorado e aos espazos (aula, patio, baños e outras zonas do colexio).

Alumnado estranxeiro

No caso de alumnado procedente do estranxeiro ou doutra comunidade

autónoma, hai que valorar unha serie de apartados para poder responder ás súas necesidades educativas, sociais e culturais. Hai que determinar distintos apartados: Descoñecemento das dúas linguas oficiais: galega e castelá. Cando presenten graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirán unha atención específica simultánea á escolarización nos grupos ordinarios.

Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. Os que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis anos, poderán ser escolarizados nun curso inferior ao que lle correspondería por idade, sempre que a dita escolarización lles permita completar a etapa nos límites de idade establecidos con carácter xeral, adoptándose as medidas de reforzo educativo máis adecuadas para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do desfase curricular e para que lles permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Avaliación inicial

A avaliación inicial constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, en xeral, e na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

O/a profesor/a de área realizará a avaliación da competencia curricular, unha avaliación inicial que determinará o nivel do/a alumno/a de cara a tomar decisións e ver se presenta dificultades respecto ao grupo de referencia, ou se o seu nivel está dentro da media para o grupo e curso, ou incluso se está por riba do grupo.

Dita avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a.

Esta valoración inicial poderase completar cunha avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación do centro, se fose necesario, para obter máis información sobre o/a alumno/a e as súas capacidades, intereses, personalidade,

etc.

Dende o Departamento de Orientación faise a proposta da realización da avaliación inicial en Educación Primaria segundo o procedemento habitual (observación do/a alumno/a, probas escritas, orais, cálculo, lectura...).

Valoración

Os servizos de Orientación deberán asesorar ao profesorado e ás familias nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.

Ao finalizar cada curso avaliarase o proceso educativo de cada alumno/a, especialmente os resultados acadados en función dos obxectivos propostos a partir da avaliación inicial realizada.

Avaliación psicopedagóxica.

A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

A avaliación psicopedagóxica é competencia e responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, coa colaboración, de ser o caso, do Equipo de Orientación Específico (EOE).

Haberá determinados cursos (6º de Educación Infantil e 6º de Educación Primaria) onde se pasarán probas psicopedagóxicas de forma colectiva para facilitarlle os datos obtidos ao titor e profesorado implicado, de maneira que poidan ter máis datos de cara aos procesos de avaliación e a adaptación de medidas.

Solicitarase a intervención do Equipo de Orientación Específico cando se necesite unha valoración externa de especialistas (en conduta, altas capacidades, asistencia social, discapacidade motórica, física, sensorial, na linguaxe...), así como pautas de traballo para a aula e/ou para a casa.

Informe psicopedagóxico.

Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa do/a alumno/a, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar do/a alumno/a.

As familias ou titores legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, e terán dereito a obter copia do informe psicopedagóxico.

Ditame de escolarización.

Consiste nun informe persoal dun/ha alumno/a, elaborado polo Departamento de Orientación e, se fose necesario de ser o caso, coa colaboración do Equipo de Orientación Específico (EOE), no cal se recollerán: conclusións da avaliación psicopedagóxica, orientacións sobre a proposta curricular adecuada así como os recursos persoais e materiais necesarios, proposta de escolarización, opinión das familias ou titores legais do alumnado respecto desa proposta.

O ditame de escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo realizarase no caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización

distinta da ordinaria, nas seguintes situacións:

- Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- Cando comeza un novo tipo de ensinanzas.
- Cando se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- Outras situacións de carácter excepcional.

Intervención

Á hora de dar resposta ás necesidades do alumnado estableceranse unha serie de actuacións xerais ou máis específicas.

Como medidas máis xerais, na aula lévanse á práctica, a través das Programacións de Aula, tódalas decisións relativas á adecuación do currículo, á

diversidade de capacidades, intereses e motivacións dos/as alumnos/as.

Cos datos obtidos das avaliacións iniciais e doutros procedementos de obtención de información determinarase a necesidade ou non de aplicar medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou extraordinario. Cando o progreso dun/ha alumno/a nunha materia non sexa o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Neste centro as necesidades máis detectadas -atendidas e priorizadas- teñen relación con necesidades específicas de apoio educativo de diversa índole: TDAH; alteración xenética que cursa con dificultades nos ámbitos cognitivo, da linguaxe e motor; retraso global do desenvolvemento; alteracións da fala e da linguaxe; dificultades de aprendizaxe, así como alumnado con condicións socio-familiares desfavorables... entre as máis relevantes.

16.3 PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

Consideramos a diversidade de todas as persoas que compoñemos a comunidade educativa como un feito valioso que contribúe a enriquecer a todo o grupo e favorece a interdependencia e a cohesión social. Consonte con esta idea, defendemos unha liña educativa que teña como principio fundamental a atención á diversidade a partir do principio de inclusión como base de desenvolvemento e no que a aprendizaxe cooperativa se converta no seu eixo metodolóxico, tratando de darlles resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante unha ensinanza personalizada e compensadora das desigualdades sociais, de maneira que cada un/unha poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais, nunha contorna educativa común.

Seguindo o Decreto 229/2011, enténdese por medidas de atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas clasificámolas en ordinarias e extraordinarias.

Medidas ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade que realizamos no centro están:

- a)** Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b)** Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ao contorno.
- c)** Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d)** Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e)** Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- f)** Plan de seguimento de alumnado con materias pendentes: para todo o alumnado que ao rematar un curso non supere algunha das materias do currículo estableceráselle un programa específico de reforzo para superar dita materia durante o seguinte curso escolar.
- g)** Programas de recuperación para alumnado repetidor.
- h)** Plan específico de reforzo educativo.
- i)** Programas específicos personalizados: neste apartado hai que engadir o Plan de Acollida que se leva a cabo con todo o alumnado de Educación Primaria que chega novo ao centro, tanto ao principio de curso como durante o curso, facendo fincapé no seguimento dese alumnado ao longo de todo ese ano escolar; e tamén o Período de Adaptación en Educación Infantil, que se leva a cabo co alumnado de tres anos (4º de E.I.) durante o mes de setembro.

k) Desdoblamento de grupos.

En *Educación Infantil*, que conta con tres unidades e cunha mestra de apoio, levaranse a cabo programas de psicomotricidade e outros programas segundo a programación.

En *Educación Primaria* faranse reforzos dentro da aula con profesorado con dispoñibilidade horaria.

Na aula de 3º de Educación Primaria haberá desdobre nas materias de Matemáticas e de Lingua Castelá.

Dende o Departamento de Orientación atenderanse as demandas que se produzan e están previstos os mecanismos de atención individualizados ou en grupos co profesorado dispoñible e farase unha proba psicopedagóxica grupal en 6º de Educación Infantil e en 6º de Educación Primaria a finais de curso.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

No centro realizamos as seguintes medidas extraordinarias de atención á diversidade:

a) Adaptacións curriculares.

b) Flexibilización dun alumno de incorporación tardía con desfase curricular de dous ou máis cursos.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

Daranse prioridade ás medidas ordinarias sobre as medidas extraordinarias que só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras

alternativas ou cando a avaliación psicopedagóxica así o determine.

A aplicación de medidas extraordinarias non exclúe a aplicación das medidas ordinarias que se determinen.

A implantación das medidas de carácter extraordinario deberá contar coa aprobación das instancias oportunas e axustarse á lexislación pertinente que regula o procedemento a seguir respecto á súa adopción.

16.4 CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
Setembro	Elaborar o informe do DO para as becas do alumnado con NEAE	XD Orientación	Informes alumnado
Setembro	Contacto con alumnos/as con NEAE: xornadas de acollida para os novos e para as súas familias	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos, así como de centros de procedencia do novo alumnado
Setembro	Valoración das necesidades iniciais	XD Orientación	Informes obtidos nas reunións
Setembro	Elaboración de horarios do Departamento	Xefatura de Estudos XD Orientación	Recursos do Departamento
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PAD	XD Orientación	Datos do alumnado
1ª semana de outubro	Realización da concreción anual do PAT	XD Orientación Titores	Datos do alumnado
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de Estudos (planifica e coordina), XD Orientación (asesora e apoia), Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
4ª semana de outubro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación	XD Orientación	Recursos do Departamento
Mes de novembro	Elaboración das ACS	XD Orientación e profesorado correspondente	Recursos do Departamento
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos na avaliación
Xaneiro/febreiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª avaliación
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do trimestre
Abril	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 2ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 2ª avaliación
Maio	Visita a centros adscritos	XD Orientación Titores de 6º EP	Informes do alumnado
Xuño	Participación nas sesións da avaliación final	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Xuño	Preparación de informes do alumnado con NEAE que abandona o centro	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do curso
Última semana de xuño	Elaboración da memoria do Departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xullo	Elaboración de listaxe de alumnado para medidas de atención	XD Orientación e profesorado especialista: PT e	Informes obtidos ao longo do curso

Datas	Tarefas	Responsables	Recursos
	á diversidade para o vindeiro curso	AL	
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do Departamento, segundo demandas	Recursos do Departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD Orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do Departamento

16.5 PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE E HORAS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO TITOR E PT/AL

Dna. M^a Laura Osorio Ramos: Especialista de Pedagogía Terapéutica.

Dna. María Taboada Veiga: Especialista de Audición e Linguaxe con afín a Pedagogía Terapéutica.

AS HORAS DE COORDINACIÓN REALIZARANSE OS MÉRCORES A PARTIR DAS 15:40 HORAS.

17. CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

- ✓ Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Silvia Rodríguez Gómez.	Titor/a
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
M ^a Begoña González Picanes	Relixión Católica
Pablo Rivas Díaz	Titor/a
Nélida Montoto Espiño	Titor/a
Rocío Maril Yáñez	Música

- ✓ Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo 1: Desenvolver o plan de acollida.			
Acción 1	Acollida do alumnado de 4º EI		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Dar a coñecer o centro, as dependencias ao novo alumnado.		
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación, Titores/as de EI		
Recursos e materiais	Xogo simbólico, tríptico informativos		
Acción 2	Reunións coas familias organizadas en cada nivel a inicio de curso.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Informar sobre as normas e características do curso, así como diversos aspectos sobre a organización do mesmo.		
Responsables	Equipo directivo e titores dos distintos niveis.		
Recursos e materiais			
Acción 3	Acollida do alumnado estranxeiro de incorporación tardía ao sistema educativo español		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Acoller ao alumnado de nova incorporación seguindo as directrices do plan de acollida, posibilitando a súa integración no centro.		
Responsables	Equipo directivo, departamento de orientación e profesorado do centro		
Recursos e materiais	Libros de imaxes, dicionarios visuais, material de aprendizaxe da lingua...		

Obxectivo 2: Incorporar aspectos relacionados co autoconceito, a autoestima e a educación afectivo - sexual.			
Acción 4	Previr, deter e intervir no centro se se detectan casos de LGBTI fobia.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	--Mostrar diferentes conformacións familiares --Visibilizar a aquelas persoas LGBTI que poden ser referentes positivos nos medios de comunicación. --Fomentar expresións artísticas e culturais que axuden á transformación e inclusión da diversidade sexual e sobre as identidades de xénero. --Detectar e intervir en casos de violencia segundo os protocolos establecidos.		
Responsables	Titores e mestres especialistas		

Recursos e materiais	Contos sobre igualdade e diversidade sexual
-----------------------------	---

Obxectivo 3 :Sensibilizar á comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.			
Acción 5	25 Novembro: Día contra a violencia de xénero.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Dar visibilidade a esta problemática social coa reprodución de graffitis feitos polo mundo.		
Responsables	Profesorado do centro		
Recursos e materiais	Graffits.		
Acción 6	Día da muller: 8de marzo. Entrevista a unha muller importante da zona.		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Coñecer mulleres importantes na nosa contorna		
Responsables	Equipo de biblioteca		
Recursos e materiais	Proxector e pantalla		
Acción 7	Integrar a coeducación no modelo educativo		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<p>--Garantir a integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.</p> <p>--Facer visibles as boas prácticas coeducativas do centro, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade. Empregar a páxina web para iso.</p>		
Responsables	Equipo directivo		
Recursos e materiais	Páxina web e documentación do centro		

Obxectivo 4: Sensibilizar á comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.			
Acción 8	Plan de alerta escolar		
	Temporalización		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Coñecer as características do alumnado e poder dar resposta médica adecuada ás dificultades que poidan xurdir.		
Responsables	Persoal docente, servizos sanitarios, 061, familias		

Recursos e materiais	
Acción 9	Día da discapacidade : 3 de decembro . Charla- obradoiro dunha persoa discapacitada dende a asociación Working Wheels.
	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input type="checkbox"/> 3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Visibilizar a igualdade e a non discriminación ás persoas con diversidade funcional.
Responsables	Equipo extraescolares, biblioteca, dinamización.
Recursos e materiais	Cadeiras de rodas

Obxectivo 5: Adquirir habilidades e competencias sociais para o alumnado, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo.

Acción 10	Patios dinámicos
	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participar nos recreos dunha maneira igualitaria mellorando a resolución de conflitos e cooperando nos xogos.
Responsables	Equipo de actividades complementarias e mestre de EF.
Recursos e materiais	Xogos de diversos tipos para distribuír o patio de maneira igualitaria .

Obxectivo 6 : Actividades para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso

Acción 11	Plan director de centros : Ciberacoso.
	Temporalización
	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Dar a coñecer ao alumnado de 5º e 6º os perigos de internet.
Responsables	Garda Civil
Recursos e materiais	Proxector e ordenador

18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE.

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesora do responsable
Integración transversal da incorporación da perspectiva de xénero e do principio de igualdade de oportunidades na documentación organizativa dos centros educativos.	Todo o curso	Todos os niveis	Todo o profesora do
Boas prácticas coeducativas do centro, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade. Empregar a páxina web para iso.	Todo o curso	Todos os niveis	Todo o profesora do
<p>Visibilización aos alumnos e alumnas dos estereotipos de xénero (linguaxe sexista, trato condicionado ao sexo, posibles actitudes sexistas en participacións na clase...)</p> <p>Emprego dunhalinguaxe igualitara en todas as explicacións procurando que apareza o masculino e o feminino.</p> <p>Creación de equipos de traballo na aula heteroxéneos no que se refire ao sexo dos integrantes</p> <p>Reparto equitativamente as responsabilidades da clase entre todo o alumnado. Potenciar que os/as encargados/as, delegados/as sexan de ámbos sexos.</p> <p>Análise dos xoguetes e xogos para liberalos de perspectiva de xénero.</p> <p>Análise dalgúns contidos dos medios de comunicación para facer conscientes a alumno e alumnas dos estereotipos.</p>	Todo o curso	Todos os niveis	Todo o profesora do
Fomento do uso igualitario dos espazos (recreos, aula , ximnasio...)favorecendo a participación igualitaria e a distribución de espazos nos xogos e nas actividades deportivas.	Todo o curso	Todos os niveis	Todo o profesora do
Coñecemento por parte do alumnado das actitudes que faciliten a convivencia e sensibilizalo na prevención do acoso e ciberacoso relacionado coa diversidade de xénero e sexual.	Todo o curso	Todos os niveis	Todo o profesora do
<p>Visibilización da loita contra a violencia de xénero e a igualdade de oportunidades:</p> <p>- 25 N: realización de grafittis feitos en distintos países do mundo.</p>	Conmemoracións	Todos os niveis	Todo o profesora do.

- 8M: visita dalgunha muller relevante da zona.			
---	--	--	--

19. PLURILINGÜISMO

19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

Nome Coordinador/a	Horas redución
Pilar Bendoiro Mariño	1h
Nome profesores AICLE/CLIL	Nivel/ Especialidade
FÁTIMA NOVOA DATORRE	3º, 4º, 5º e 6º EP / Ed. Artística: Plástica
VERÓNICA IGLESIAS PORRAL	1º e 2º EP / Ed. Artística: Plástica 1º EP / LE: Inglés

19.2. SECCIÓN BILINGÜES/PLURINFANTIL

Este ano temos concedidas sección bilingües extraordinarias desde 4º a 6º nivel de E. Primaria.

Curso	Nº grupos	Nº alumna do total	Nº alumnado nova incorporación	Teñen autorización por escrito dos pais	Materias	Lingua estranxeira
4º EP	1	20	1	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Educación Plástica e Visual	Inglés
5º EP	1	20	1	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Educación Plástica e Visual	Inglés
6º EP	1	28	2	Sí <input checked="" type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>	Educación Plástica e Visual	Inglés

19.3. CENTROS PLURILINGÜES

Curso	Nº grupos	Nº alumnado total	Materias	Lingua estranxeira
1º EP	1	19	Educación Plástica e Visual	Inglés
2º EP	2	33	Educación Plástica e Visual	Inglés
	1	24	Educación Plástica e Visual	Inglés

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE

En canto ao alumnado, valoraranse os seguintes aspectos:

- Motivación e esforzo polo emprego da lingua estranxeira.
- Adquisición das catro destrezas lingüísticas de xeito integrado, dando prioridade á comprensión e expresión orais.
- Coñecemento e apreciación da diversidade cultural.
- Grao de consecución dos obxectivos da área ou materia a tratar.
- Adquisición dunha boa competencia lingüística na lingua estranxeira.

19.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

Este curso, polo momento, non temos Auxiliar de Conversa.

20.PLAN PROXECTA

- Concreción do programa no que se participa.

XOGADE			
Descrición do programa	E unha iniciativa promocionada e financiada pola Xunta de Galicia, consiste na combinación dun programa lúdico e participativo para os escolares dos centros educativos. É un camiño hacia o deporte humanista, educativo e saudable.		
Obxectivos	O obxectivo principal é a concepción do deporte como promoción da saúde, da condición física e do benestar, sen esquecer nen deixar de lado o rendemento deportivo, pero asegurando que todos os escolares poidan ter acceso a práctica de actividades físico-deportivas sin que exista ningún tipo de discriminación.		
Cursos implicados	Educación primaria. 1º, 3º, 4º, 5º e 6º		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> -Incrementar a participación en actividades físico-deportivas. - Beneficiarse do potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas e que prime a participación por encima da competitividade. -Impulsar a función integradora e cohesión social do deporte. -Manter ou mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables. -Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, do desenrolo das diferentes cualidades físicas, así como da transmisión de hábitos, actitudes e 		

	valores. -Potenciar o xogo limpo e a deportividade.
Responsables	Coordinador: Jorge Rodríguez Vizcaíno. Mestres titores e mestres especialistas.
Actividades	- Cros escolar. - Badminton. - Baloncesto. - Fútbol.

21. CONTRATOS PROGRAMA: CPINCLÚE, CPINNOVA, PLAN RECUPERA.

Este ano no centro non hai Contratos Programa.

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO.

Plan/Proxecto: Patios dinámicos			
Descrición do programa	Conxunto de actividades libres e organizadas para que o alumnado participe de xeito autónomo no tempo de lecer. Cada parcela terá un conxunto de xogos nos que o alumnado poderá participar. Cada grupo aula accederá cada día da semana a una das seis parcelas, de xeito rotatorio e cíclico.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a convivencia e a relación entre o alumnado. - Fomentar a actividade física, mediante o xogo, en prol da mellora da saúde. - Dar maior responsabilidade e participación ao alumnado, potenciando o desenvolvemento autónomo na realización das distintas actividades, sen a necesidade do permanente control do docente. - Dar a coñecer novos xogos que sexan do agrado e interese de todo o alumnado e desenvolver a creatividade nos momentos de ocio e tempo libre. 		
Cursos implicados	Todo o alumnado de Educación Primaria		
Temporalización	1 o T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Medra a participación do alumnado, de xeito libre, nos xogos. - Mellora a convivencia do alumnado que comparte espazos no tempo do recreo. - Mellora a responsabilidade de autonomía do alumnado á hora de levar a práctica os xogos. 		
Responsables	O mestre de Educación Física e os mestres/as de cada quenda de gardas de patio.		

Actividades	Enmarcadas en 6 parcelas: - Tenis de mesa e diana adherente. - Tiro con arco e sacos. - Baloncesto, brilé e pés quietos. - Fútbol e colpbol. - Bólas e bolos. - Cordas, aros e petanca.
--------------------	---

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.

O procedemento a seguir para uso das instalacións do centro e o seguinte:

- Escrito dirixido á dirección do centro onde debe figurar ademais de todos os datos da persoa solicitante ou da entidade correspondente, que instalación solicita, que días e en que horario.
- Copia de seguro de responsabilidade civil e xustificante de pago.
- Aprobación en consello escolar, se procede.
- Se se trata de actividades a realizar con menores, presentación de certificación do Rexistro de Delincuentes Sexuais.
- Envío de copia da solicitude e documentación a Xefatura Territorial, que resolverá a aprobación ou denegación do uso das instalacións solicitadas.
- Unha vez recibida a contestación por parte de Xefatura Territorial entregaráselle unha copia da resolución ao/a persoa solicitante.
 - Solicitudes cursadas

Instalación: aula, ximnasio de infantil e patio			
Entidade que a usa	DISCÓBOLO GALICIA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	SETEMBRO E XUÑO: DE 14:40h DE OUTUBRO A MAIO: DE 15:25h a 17:25h		

Instalación: 2 aulas, ximnasio e patio		
Entidade que a usa	ANPA	
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais <input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Aulas: Informática : luns 15:30 a 17:00 de outubro a maio. De 14:30 a 17:00 h. En xuño. Pintura: mércores 15:30 a 17:00 de outubro a maio. De 14:30 a 17:00 h. En xuño. Técnicas de Estudo: mércores 15:30 a 17:00 de outubro a maio. De 14:30 a 17:00 h. En xuño. Inglés Extraescolar 1: venres de 15:30 a 16:30. Xuño de 14:30 a 17:00 horas. Inglés Extraescolar 2: venres de 18:30 a 19:30 h. Patio exterior e ximnasio do edificio nº1 :tódolos días a partir das 17:40 horas. Música e Movemento: martes e xoves de 15:30 a 17:00 horas e en Xuño de 14:30 a 17:00 horas.	

24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

A ANPA neste momento ten proposto iniciar as seguintes actividades:

- Inglés os venres pola tarde.
- Informática os luns pola tarde.
- Música e Movemento, martes e xoves pola tarde.

As outras actividades propostas de momento non teñen o número mínimo de alumnado para levarse a cabo.

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.

A planificación de todo o que significa a avaliación entendemos que é un recurso imprescindible para camiñar na dirección dun servizo educativo de calidade. De aí que avaliar non debe reducirse só ao alumnado e aos resultados da súa aprendizaxe, senón tamén ao conxunto do sistema.

En consecuencia tratar a avaliación do conxunto do servizo require considerar o triángulo alumnado-familia-profesorado; o medio no que se desenvolve o acto educativo.

Estamos, polo tanto, diante dun proceso que necesita tempo para a reflexión, ideas para o deseño e tempo e colaboración para a súa implementación e seguimento. De ahí que abordar a fondo isto parece non ser posible nun só curso, por asuntos de priorización, como pode fácilmente comprenderse. Sen embargo, tendo isto todo como referente, algunhas ideas si están proxectadas, como pode apreciarse nos epígrafes seguintes.

Respecto das instalacións e recursos:

Entre as melloras infraestructurais e de recursos que necesita o centro destacan:

- Colocación de mastros das bandeiras no edificio nº2.
- Reforma integral dos wc do edificio nº2.
- Cambio de canalóns e baixantes.
- Remodelación das portas que dan acceso ós wc do ximnasio.
- Reformas no patio do colexio.
- Realización dun patio cuberto como zona de xogo.
- Cambio da cancela por onde entra o alumnado de transporte

Respecto do alumnado:

A avaliación do alumnado desenvolverase conforme aos criterios, formas e instrumentos que figuran nas correspondentes programacións.

A avaliación en Educación Primaria é levada a cabo polo profesor/a titor/a coa colaboración dos restantes profesores das respectivas especialidades.

A información aos pais/nais sobre a avaliación ten lugar antes do Nadal, Semana Santa e fin de curso. Darase a coñecer mediante os boletíns informativos, que serán enviados por Abalar. Asemade, serán puntualmente informados das incidencias (progresos e fallos detectados nos seus fillos/as) así como das posibles medidas correctoras a adoptar.

Ao final de cada curso, e como consecuencia do proceso de avaliación, tomarase a decisión sobre promoción do alumnado. Esta decisión será adoptada polo equipo de profesores que imparten docencia ao grupo nese momento e deberá ter especial consideración a información e/ou criterio do titor ou titora. O alumnado promocionará ao nivel seguinte sempre que alcance o desenvolvemento axeitado das competencias básicas. Accederase tamén ao seguinte nivel cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente o seguinte nivel. Neste caso, será preciso adoptar medidas para que o alumnado reciba o apoio necesario para acadar ditas aprendizaxes. Cando un alumno non cumpla as condicións establecidas, permanecerá un ano máis no nivel, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta deberá ir acompañada dun plan específico de alumnado repetidor.

Respecto do profesorado

Os diferentes equipos docentes deben reflexionar sobre a forma de abordar esta avaliación. De todas formas, á marxe de cal sexa o procedemento avaliador, cómpre destacar que difícilmente un sistema será de máxima calidade se carece dalgún dos seus elementos básicos.

A avaliación debe incluír ó profesorado e á propia PXA. Teremos en conta:

- Adecuación dos obxectivos propostos.
- Distribución e adecuación dos contidos.
- Proposta de actividades axustadas ao nivel do alumnado.
- Emprego de materiais didácticos axeitados.
- Agrupamentos axeitados segundo a actividade a realizar.
- Creación dun clima idóneo para a aprendizaxe e a cooperación entre o alumnado.
- Coordinación entre os Mestres.